



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés

Materia	Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés			
Código	V01G230V01104			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Castro Lorenzo, Carla			
Profesorado	Castro Lorenzo, Carla			
Correo-e	carlacastro@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Os obxectivos da materia son repasar os coñecementos morfosintácticos de base e asentarmos coñecementos gramaticais, practicar a fonética para perfeccionar a pronuncia e a expresión oral e tamén para ampliar a capacidade de comprensión e expresión na escrita e na fala para atinxir un nivel C1.1. Os alumnos deben ter un nivel B2 consolidado.			

Competencias

Código	
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C10	Capacidade de traballo en equipo
C12	Posuír unha ampla cultura
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C30	Coñecemento de idiomas
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	C1 C10 C18 C30	D2 D15 D17 D22
Desenvolver o sentido da consciencia lingüística das variantes da lingua francesa coma un sistema lingüístico-cultural, dos seus mecanismos gramaticais e das súas formas de expresión.	C1 C4 C24 C30	
Adquirir a capacidade de discriminación entre norma e uso axeitada a cada situación comunicativa.	C2 C4 C12 C18 C30 C32	D17

Contidos

Tema

1. Rendre compte de ses habitudes et des habitudes des autres	L'expression de la fréquence. Présent/passé. La double pronominalisation.
2. Communiquer à l'oral et à l'écrit	Expressions utiles au téléphone. Expressions de politesse. Les chiffres. L'organisation du discours. Les articulateurs temporels et logiques I.
3. Rapporter les paroles d'autrui	Le discours rapporté. Les verbes introducteurs du discours rapporté.
4. Participer à un débat	L'argumentation. Formules pour donner son avis, pour exprimer l'accord/le désaccord. Le subjonctif présent.
5. Contenus lexicaux et civilisationnels	Les loisirs, les médias, l'écologie, la consommation. Notions géographiques, historiques, socio-politico-économiques et culturelles sur la France et les pays d'expression française.
Pratique	Entraînement phonétique. Compréhension orale et production orale. Compréhension écrite et production écrite.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	16	28	44
Prácticas de laboratorio	30	15	45
Resolución de problemas de forma autónoma	30	15	45
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	32	42
Proxecto	7	25	32
Presentación	10	5	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia ao alumnado (semana 1 do curso).
Lección maxistral	Presentación e exposición teórica na aula con axuda de medios audiovisuais.
Prácticas de laboratorio	Prácticas de comprensión e expresión oral: escoita de gravacións e exercicios de pronuncia e de expresión oral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	A atención personalizada realizarase durante o horario de titorías que a profesora detallará ao inicio do curso ou a través do correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Exercicio de comprensión oral (última semana de novembro).	20	C1 C18 C30 D22
Resolución de problemas de forma autónoma	Proba de comprensión escrita (última semana de outubro).	20	C1 C4 C18 C30 D15 D22
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicio de produción escrita (primeira semana de decembro).	20	C1 C4 C30 D15 D22

Proxecto	Traballo colaborativo por medio das TIC (última semana de outubro).	20	C1 C2 C10 C18 C24 C30	D15 D17 D22
Presentación	Presentacións orais na aula (segunda e terceira semana de novembro) que serán avaliadas con respecto á destreza de produción oral.	20	C1 C2 C4 C12 C18 C30 C32	D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira edición de actas (xaneiro)

O alumnado será avaliado mediante o sistema de **avaliación continua** indicado arriba.

Para ser avaliado será necesario entregar os traballos na data establecida. As probas non entregadas contarán como cero.

Os alumnos teñen que realizar e aprobar todas as probas.

En caso de plaxio, a nota é de suspenso.

O alumno que non poida realizar a avaliación continua poderá examinarse do 100 % da materia na 1ª edición de actas polo sistema de **avaliación única**. No exame avaliaranse a comprensión oral (25 %), a expresión oral (25 %), a comprensión escrita (25 %) e a expresión escrita (25 %). É necesario aprobar todas as partes para superar a materia. O exame terá lugar no período de exames na data establecida no calendario da FFT.

No caso de suspenso na primeira edición de actas, o alumno deberá recuperar na segunda convocatoria (xuño-xullo) unicamente as partes suspensas.

Segunda edición de actas (xuño-xullo)

Os alumnos de avaliación continua e de avaliación única que non superen a materia na primeira edición de actas, farán en xuño-xullo unha proba que representará o 100 % da nota: comprensión oral (25 %), expresión oral (25 %), comprensión escrita (25 %) e expresión escrita (25 %). O alumno ten que aprobar todas as partes. A data do exame será a indicada no calendario oficial de exames da FFT.

No caso de suspenso nesta segunda convocatoria, non se manterán notas para o seguinte curso escolar: o alumno terá que examinarse de todas as probas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Jennepin, Léon-Dufour, **Nouvelle grammaire du français**, Hachette,
Collectif, **La conjugaison pour tous**, Bescherelle,

Bibliografía Complementaria

Abbadie, Chovelon, Morsel, **L'expression française écrite et orale**, PUG,

Joëlle Gardes-Tamine, **L'Ordre des mots**, A. Colin,

Abry & Chalaron, **Les 500 exercices de phonétique**, Hachette,

Alexandra Badéa, **Je te regarde - Europe connexion - Extrémophile**, L'Arche,

Stéphanie Callet, **Entraînez-vous de A à Z**, PUG,

Stéphanie Callet, **Répertoire des difficultés du français**, PUG,

Stéphanie Callet, **Répertoire orthographique du français**, PUG,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Outros comentarios

Recoméndase o estudo continuado da materia, o traballo regular, a consulta da gramática recomendada para realizar os exercicios prácticos, a asistencia a clase, o uso dos recursos da biblioteca, así como o seguimento da actualidade a través de medios francófonos.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao estudante da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma FAITIC (novidades, documentos, notas) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONALES PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Mantéñense a metodoloxía, os contidos e as titorías grazas ás ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (Faitic, correo electrónico ou aulas virtuais).

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Avaliación continua

*Probas que se manteñen

- Exercicio de comprensión oral (20 %).
- Proba de comprensión escrita (20 %).
- Exercicio de produción escrita (20 %).
- Traballo colaborativo por medio das TIC (20 %).

*Probas que se modifican

Presentacións orais na aula (20 %). = > Proba de expresión oral a través das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (20 %).

Avaliación única

Mantense a proba de avaliación única, que se realizará a través das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.
